

A familia de Lusuf

Obxectivos*

1. **Diferenciar a violencia** do conflito.
2. **Reflexionar** sobre as consecuencias que ten para as persoas a forma en que se resolven os conflitos.
3. **Dar a coñecer** o compromiso da comunidade internacional coa protección das poboacións civís que se ven afectadas por conflitos armados.

Esquema de actividades *

1. **Xogo de rol**, "A familia de Lusuf"
2. **Debate**

Desenvolvemento das actividades e orientacións didácticas*

1. Dinámica "A familia de Lusuf " (Xogo de rol)

1. Introducción ao xogo

Esta dinámica consiste nun xogo de rol en que se presentan diferentes axentes que están implicados nunha situación conflitiva que se localiza en Darfur (Sudán).

Lusuf é un mozo que viviu en Darfur. Xeograficamente, Darfur é unha rexión situada no Sudán Occidental que limita coa República Centrafricana, Chad e Libia. Historicamente, o acceso a terras e áreas de pastoreo xerou disputas entre os árabes nómades e os agricultores negros de distintos grupos étnicos que viven na rexión. O conflito armado comezou en 2003, ano en que Lusuf e a súa familia teñen que deixar a súa vila. O conflito de Darfur non é máis que un dos moitos conflitos esquecidos do mundo. Concretamente, este desembocou nunha guerra entre diferentes grupos étnicos.

O personaxe de Lusuf e algunhas das vivencias que se explican nesta historia son reais. Outras foron adaptadas para este xogo. Lusuf marchou a Jartum e nunca máis regresou á súa vila. Esta foi destruída, seu pai morreu e el emigrou con súa nai e irmás. Os campos de refuxiados que se levantan ao redor de Jartum son o fogar de case dous millóns de desprazados que, como Lusuf e a súa familia, deben emigrar a outras terras.

A situación que se formula neste xogo de rol mostra o conflito que se dá cando poboacións expulsadas das súas terras se ven obrigadas a integrarse en novas comunidades. Neste caso, a familia de Lusuf foxe da súa aldea de orixe para se refuxiar nunha nova aldea, na que se encontran coa oposición de parte das familias que viven alí. O xogo mostra tamén as dificultades que existen en moitos casos de conflitos armados para acceder ao lugar e conseguir información.

Normas do xogo de rol

Neste xogo de rol, os mozos e mozas distribuiranse en sete grupos; cada grupo representa un axente implicado no conflito. Coa axuda dunhas fichas, cada grupo asumirá un papel determinado ("actores") durante un tempo determinado.

- Todos os grupos estarán formados por catro ou cinco alumnos/as, excepto os grupos 5, 6 e 7 que estarán formados por dous ou tres alumnos/as.

- Repartirase a cada grupo a ficha que describe o seu rol (ver fichas alumnado). Cada grupo terá cinco minutos para ler a ficha descriptiva, esclarecer dúbidas sobre os roles e *elaborar estratexias para defender o rol que se lles atribúa*.
- A actividade será desenvolvida en vintecinco minutos.

Presentación dos roles:

Grupo 1: (4 ou 5 alumnos/as). A familia de Lusuf.

A vosa familia está formada por unha nais, dúas irmás e un irmán. Sodes unha familia de agricultores que moraba nunha pequena aldea de Darfur que foi saqueada. Durante o saqueo, voso pai morreu de forma violenta e perdestes a vosa casa e a vosa colleita.

As condicións de vida obríganvos a fuxir da vosa aldea na procura dun lugar para vivir no que poder construír unha nova casa e traballar a terra. Cando chegades á nova aldea, pedides ser acollidos, mais deparades con que parte da poboación non quere que fiquedes alí a vivir.

O voso obxectivo será convencer a poboación da aldea para que vos permita ficar. Para iso, tedes que explicar a vosa historia ao resto de participantes na aldea. Encontraredes familias que están dispostas a vos axudar (os comerciantes, Grupo 4), familias que están en contra de ficardes (as familias das abas, Grupo 2) e familias que non se queren implicar na disputa (familias de agricultores, Grupo 3). Deberedes tentar convencer o Grupo 3 para que vos permita ficar na aldea. Para iso, podeades buscar alianzas co Grupo 4.

Grupo 2: (4 ou 5 alumnos/as). Familias das abas.

Pertencedes a unha poboación que vive na aldea na que transcorre esta historia. Sodes as familias máis pobres da aldea e sentides que coa chegada das novas familias non haberá terra nin comida suficiente para todos. Precisamente, vós tivestes que vos instalar nas abas, onde custa moito gañar a vida xa que estades lonxe das fontes de auga, non crece practicamente vexetación e é moi difícil facer a colleita.

Nos últimos meses, chegaron moitas familias procedentes das zonas de conflito e xa estades fartos. O voso obxectivo será evitar como sexa que a familia de Lusuf fique na aldea. Para iso, tentaredes convencer o Grupo 3, os pequenos agricultores, para que se sitúe en contra da familia de Lusuf.

Grupo 3: (4 ou 5 alumnos/as). Pequenos agricultores.

Pertencedes a unha poboación que vive na aldea na que transcorre esta historia. A chegada de novas familias non os afecta, xa que sodes agricultores propietarios da vosa terra e tedes medios suficientes para sobrevivir. Non queredes problemas, aínda que lembrades cando vosos avós pasaron pola mesma situación.

O resto de grupos implicados na disputa sobre se acoller ou non a familia de Lusuf e outros refuxiados tentarán convencervos para que vos manifestedes e apoiades a súa postura. Vós deberedes escoitalos e tomar unha decisión.

Grupo 4: (4 ou 5 alumnos/as). Comerciantes da aldea de destino.

Pertencedes a unha poboación que vive na aldea na que transcorre esta historia. Considerades que a chegada de novas familias é unha oportunidade para revitalizar a aldea, xa que estas poderían fornecer experiencias que traen das súas vilas e son compradores potenciais dos vosos produtos.

Parécevos unha boa idea que Lusuf e a súa familia fiquen a vivir na aldea. Por tanto, tentaredes convencer o resto das familias da aldea para que os acepten.

Grupo 5: (2 ou 3 alumnos/as). Xornalistas.

Seredes xornalistas que estades na zona. Sabedes que a chegada de poboacións que foxen do conflito armado está a provocar moitas disputas nas aldeas da zona, e queredes recoller testemuños das partes implicadas. Desexades acceder á aldea para saber o que está a ocorrer. Cantas familias hai, de onde proceden e por que se desprazaron. Os policías (Grupo 6) tentarán que non pasedes á zona de conflito. Non queren que o problema se coñeza fóra de alí, xa que existen intereses políticos e económicos para facer calar todo aquel que desexe indagar o que ocorre.

Tedes que conseguir entrar na zona de conflito para falar coas partes implicadas e recoller información. Os policías, por orde dos gobernantes, tentarán evitar a vosa entrada na zona.

Grupo 6: (2 ou 3 alumnos/as). Policías.

Seredes os policías do lugar onde transcorre esta historia. Por orde dos gobernantes do país, debedes dificultar a entrada dos xornalistas e evitar que cheguen ao lugar do conflito. Non queredes que o país se desprestixie aínda máis, xa que iso podería afectar a recepción de axuda, as relacións comerciais, o turismo ou algunha das empresas que tedes que preservar. Se a violencia asusta os estranxeiros, non poderíades contar con esta fonte de ingresos e a economía do país resentiríase.

Tentaredes evitar que os xornalistas cheguen á zona de conflito. Explicarédeslles que non hai que lle dar importancia á situación xa que está en vías de solucionarse... Procuredes estratexias para entretelos obrigándoos, por exemplo, a cubrir papeis para poderen acceder á zona de conflito. (Podedes utilizar a *Ficha: Sopa de letras* como requisito para que os xornalistas accedan á zona).

Grupo 7: (2 ou 3 alumnos/as) Observadores internacionais.

Vós, como observadores internacionais, ides tomar nota de todo o que está a acontecer. Non vos podedes implicar nin tomar partido no conflito, e é importante que recollades ben todo o que ocorre.

Orientacións ou cuestións que tedes que coñecer:

- Cal é o conflito?
- O que o motivou?
- Cantos grupos hai implicados? Que busca cada un?
- Como se comunican entre eles?
- Cal é o comportamento de cada grupo?

2. Desenvolvemento do xogo de rol , (duración 25 minutos)

3. Debate sobre o xogo, (o/a profesor/a actúa de moderador/a)

PRIMEIRA PARTE: (cada grupo no seu rol)

- Cada grupo exporá como decorreu o xogo: explicará cal era o seu obxectivo, que estratexias seguiron para conseguilo, con que dificultades depararon, cal foi o resultado e cómo se ha sentido durante todo o proceso. A ficha que encontraredes a continuación pode axudarvos a recoller todas as vivencias.
- Unha vez ouvidos os diferentes testemuños, o grupo dos “observadores internacionais” exporá a súa avaliación do que ocorreu.
- Entre todos e todas deberedes formular posibles solucións.

Orientacións didácticas:

Cada grupo debe explicar a súa versión. É importante permitir que cada grupo explique o que sucedeu, sen que o resto de grupos interrompa as exposicións; cada grupo debe ofrecer a súa versión dos feitos. Tamén é importante facer aflorar os sentimentos que xurdiron ao longo da dinámica: como se sentiron? Por que? Faltáronlles argumentos para defender a súa postura?

Aspectos que deberían aparecer no debate :

- a diferenza entre conflito e violencia (mostrar que o conflito é natural ás relacións humanas e que o problema non está no conflito en si, senón na forma en que o abordamos).
- as dificultades coas que depararon os xornalistas para acceder á información. Mostrar que os xornalistas estiveron ocupados resolvendo unha ficha mentres se desenvolvía a acción.

- O papel dos observadores internacionais nos conflitos. A importancia dunha presenza allea ao conflito que permita recoller o que ocorre.
- Os observadores deben facer unha descrición do proceso. Reflexionar sobre se as versións das diferentes partes e a dos observadores coinciden.

A seguinte ficha pode axudar a analizar o conflito:

Nivel do conflito	Individual Entre dúas persoas Máis de dúas persoas
Actores	Reais Ficticios Os propios alumnos e alumnas (da nosa aula ou doutra aula) Nenos/as Adultos
O porqué	Para conseguir cousas (satisfacer necesidades materiais) Para sentirse mellor (satisfacer necesidades psicolóxicas ou sociais)
Opinións	Credes que se resolveu adecuadamente?
Formas de actuar	Como credes que resolveron o conflito estes compañeiros/as? Por que? Que conduta utilizaron para resolver o conflito? Utilizaron a agresividade?, chegaron a acordos?, dialogaron?, houbo violencia física?
Consecuencias	O que ocorrerá despois?
Decisión final	Cal tería sido a mellor forma de actuar?

2. Debate

Todos abandonan o seu rol e damos paso ao coloquio final. O debate ten dúas cuestións que deben abordarse: por un lado, formular o conflito entre as diferentes poboacións da aldea; por outro, a disputa desenvolvida en torno do acceso dos xornalistas á zona. A ficha anterior pode axudar a situar o debate.

A **primeira cuestión** afecta as poboacións implicadas e está relacionada co modo en que xestionamos os conflitos. O debate pode ser animado convidando ao grupo a que identifique as diferentes actitudes que se poden adoptar fronte a un conflito, relacionándoo coas posturas adoptadas durante o xogo (o enfrontamento violento, a negociación e cooperación ou a indiferenza). As seguintes preguntas poden axudar a continuar o debate:

- a) Como actuaríades nunha situación como a formulada no xogo?
- b) Cal é a diferenza entre violencia e conflito? Considerades que todos os conflitos son negativos? Por que?
- c) Coñeces situacións parecidas ás formuladas no xogo?
- d) Como vos sentides cando chega á vosa aula unha persoa que procede doutro país ou lugar? Preocúpavos a súa situación? Évos indiferente?

Sería interesante que nas conclusións se mencionase a necesidade de nos colocar no lugar do “outro” (compañeiro/a, veciño/a, amigo/a etc.), de nos preocupar polo benestar e a dignidade dos outros como punto de partida para a construción dun mundo en paz.

O **segundo aspecto** a debater sería o papel dos informadores e da comunidade internacional nos conflitos en que a poboación civil se ve afectada por situacións de violencia. Pode mencionarse a importancia de poder ter información e de facer visibles os conflitos a nivel internacional.

Para animar o debate, poden formularse as seguintes preguntas:

- Coñecíades o conflito de Darfur antes de realizar esta dinámica? E o resto dos conflitos mencionados na sopa de letras?
- Por que credes que se fala máis duns conflitos que doutros nos medios de comunicación? Cando abrimos un xornal ou vemos un informativo de televisión, encontramos noticias sobre conflitos armados, mais non todos os días nin de todos os conflitos abertos no planeta. A maioría das persoas que viven nestas situacións son vítimas e refuxiados. Exemplos poden ser o de Darfur (Oeste de Sudán), Afganistán, Sahara Occidental, etc. Quen de vós ouviu falar deles?
- A definición da “responsabilidade de protexer” recolle o recoñecemento por parte da comunidade internacional da obrigaón de intervir (co uso da forza armada, se for necesario) para protexer as vítimas de conflitos armados, cando nestes se estean a cometer crimes contra a Humanidade, xenocidio, crimes de guerra ou limpeza étnica, e sempre e cando os seus gobernos non queiran ou non poidan protexelos. Credes que no caso de Darfur é necesario intervir? Por que? Buscade información en [ou en www.intermonoxfam.org](http://www.intermonoxfam.org) o en www.armsbajocontrol.org

O debate debería mostrar que é responsabilidade de todos e de todas garantir a protección das poboacións afectadas por situacións de violencia, así como a importancia de nos mantermos informados e de denunciarmos os casos en que os dereitos humanos son vulnerados.

Grupo 1. A Familia de Lusuf

A vosa familia está formada por unha nais, dúas irmás e un irmán. Sodes unha familia de agricultores que moraba nunha pequena aldea de Darfur que foi saqueada. Durante o saqueo, voso pai morreu de forma violenta e perdestes a vosa casa e a vosa colleita. As condicións de vida obríganvos a fuxir da vosa aldea na procura dun lugar para vivir no que poder construír unha nova casa e traballar a terra. Cando chegades á nova aldea, pedides ser acollidos, mais deparades con que parte da poboación non quere que fiquedes alí a vivir.

O voso obxectivo será convencer a poboación da aldea para que vos permita ficar. Para iso, tedes que explicar a vosa historia ao resto de participantes na aldea. Encontraredes familias que están dispostas a vos axudar (os comerciantes, Grupo 4), familias que están en contra de ficardes (as familias das abas, Grupo 2) e familias que non se queren implicar na disputa (familias de agricultores, Grupo 3). Deberedes tentar convencer o Grupo 3 para que vos permita ficar na aldea. Para iso, poderedes buscar alianzas co Grupo 4.



Ficha fotocopiable

Grupo 2. Familias das abas

Pertencedes a unha poboación que vive na aldea na que transcorre esta historia. Sodes as familias máis pobres da aldea e sentides que coa chegada das novas familias non haberá terra nin comida suficiente para todos. Precisamente, vós tivestes que vos instalar nas abas, onde custa moito gañar a vida xa que estades lonxe das fontes de auga, non crece practicamente vexetación e é moi difícil facer a colleita.

Nos últimos meses, chegaron moitas familias procedentes das zonas de conflito e xa estades fartos. O voso obxectivo será evitar como sexa que a familia de Lusuf fique na aldea. Para iso, tentaredes convencer o Grupo 3, os pequenos agricultores, para que se sitúe en contra da familia de Lusuf.



Ficha fotocopiable

Grupo 3. Pequenos agricultores

Pertecedes a unha poboación que vive na aldea na que transcorre esta historia. A chegada de novas familias non os afecta, xa que sodes agricultores propietarios da vosa terra e tedes medios suficientes para sobrevivir. Non queredes problemas, aínda que lembrades cando vosos avós pasaron pola mesma situación.

O resto de grupos implicados na disputa sobre se acoller ou non a familia de Lusuf e outros refuxiados tentarán convencervos para que vos manifestedes e apoiedes a súa postura. Vós deberedes escoitalos e tomar unha decisión.



Ficha fotocopiable

Grupo 4. Comerciantes

Pertecedes a unha poboación que vive na aldea na que transcorre esta historia. Considerades que a chegada de novas familias é unha oportunidade para revitalizar a aldea, xa que estas poderían fornecer experiencias que traen das súas vilas e son compradores potenciais dos vosos produtos.

Parcévos unha boa idea que Lusuf e a súa familia fiquen a vivir na aldea. Por tanto, tentaredes convencer o resto das familias da aldea para que os acepten.



Ficha fotocopiable

Grupo 5. Xornalistas

Seredes xornalistas que estades na zona. Sabedes que a chegada de poboacións que foxen do conflito armado está a provocar moitas disputas nas aldeas da zona, e queredes recoller testemuños das partes implicadas. Desexades acceder á aldea para saber o que está a ocorrer. Cantas familias hai, de onde proceden e por que se desprazaron. Os policía (Grupo 6) tentarán que non pasedes á zona de conflito. Non queren que o problema se coñeza fóra de alí, xa que existen intereses políticos e económicos para facer calar todo aquel que desexe indagar o que ocorre.

Tedes que conseguir entrar na zona de conflito para falar coas partes implicadas e recoller información. Os policía, por orde dos gobernantes, tentarán evitar a vosa entrada na zona.



Ficha fotocopiable

Grupo 6. Policía

Seredes os policía do lugar onde transcorre esta historia. Por orde dos gobernantes do país, debedes dificultar a entrada dos xornalistas e evitar que cheguen ao lugar do conflito. Non queredes que o país se desprestixie aínda máis, xa que iso podería afectar a recepción de axuda, as relacións comerciais, o turismo ou algunha das empresas que tedes que preservar. Se a violencia asusta os estranxeiros, non poderíades contar con esta fonte de ingresos e a economía do país resentiríase.

Tentaredes evitar que os xornalistas cheguen á zona de conflito. Explicarédeslles que non hai que lle dar importancia á situación xa que está en vías de solucionarse... Procuredes estratexias para entretelos obrigándoos, por exemplo, a cubrir papeis para poderen acceder á zona de conflito. (Podedes utilizar a *Ficha: Sopa de letras* como requisito para que os xornalistas accedan á zona).



Ficha fotocopiable

Grupo 7. Observadores internacionais

Vós, como observadores internacionais, ides tomar nota de todo o que está a acontecer. Non vos podeades implicar nin tomar partido no conflito, e é importante que recollades ben todo o que ocorre.

Orientacións ou cuestións que tedes que coñecer:

- Cal é o conflito?
- O que o motivou?
- Cantos grupos hai implicados?
- Que busca cada un?
- Como se comunican entre eles?
- Cal é o comportamento de cada grupo?



Ficha Sopa de letras (para resolver)

Debes realizar a seguinte sopa de letras buscando os conflitos esquecidos que se mencionan na lista inferior.

A C E I E M E N Z C C I C A A
C O C M E F U D B O M B O A L
C H E D U S G E N L O T L N N
S O E A A T U G A N D A O G E
E G A I H G O U G X I G M O E
N E S P A B O V U E A G B L S
E I X O S U R S O M A L I A A
G A L I A A R U A B E D A Z I
A E M T O R I D F H I A G O N
L I B E R I A A R M A L A R E
E A S U O S Y N S O G R D M H
R E Y E B E Y G T S U U A O C
T X I Y O M E X I C O I O I E
Y T U U D M I J O T T I A S H
B U R U N D I R R S S L C V C

1. ANGOLA
2. BURUNDI
3. CHECHENIA
4. COLOMBIA
5. CONGO
6. ETIOPÍA
7. LIBERIA
8. MÉXICO
9. SAHARA
10. SENEGAL
11. SOMALIA
12. SUDAN
13. UGANDA
14. IEMEN

Ficha fotocopiable

Ficha Sopa de letras (resolta)

A C E I E M E N Z C C I C A A
C O C M E F U D B O M B O A L
C H E D U S G E N L O T L N N
S O E A A T U G A N D A O G E
E G A I H G O U G X I G M O E
N E S P A B O V U E A G B L S
E I X O S U R S O M A L I A A
G A L I A A R U A B E D A Z I
A E M T O R I D F H I A G O N
L I B E R I A A R M A L A R E
E A S U O S Y N S O G R D M H
R E Y E B E Y G T S U U A O C
T X I Y O M E X I C O I O I E
Y T U U D M I J O T T I A S H
B U R U N D I R R S S L C V C

Ficha fotocopiable